

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE OURENSE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

HARMONÍA

Cursos 3º e 4º - Grao Profesional

CURSO 2007 - 2008

ÍNDICE

1. Introducción	3
1.1. Presentación	3
1.2. Fundamentación legal	3
1.3. Características do alumnado	4
1.4. O profesor	5
1.5. O contexto educativo	5
1.6. Descrición e problemática da materia de Harmonía	5
1.7. Relación con outras materias	6
1.8. Relación cos estudos de réxime xeral	7
2. Obxectivos xerais	7
3. Contidos xerais	9
4. Avaliación	10
4.1 Criterios de avaliación	10
4.2 Instrumentos de avaliación	12
4.3 Criterios de cualificación	12
4.4. Mínimos exixibles para aprobar o curso	13
4.5. Actividades de recuperación	13
5. Metodoloxía	13
5.1 Organización do tempo e do espazo	14
5.2 Principios metodolóxicos	14
5.3 Métodos didácticos	15
5.4 Modelo de aprendizaxe	16
5.5 Metodoloxía específica	16
5.6 Educación en valores	17
5.7 TIC's e fomento da lectura	18
6. Atención á diversidade	18
7. Atención ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE)	19
8. Recursos materiais e didácticos	20
9. Bibliografía	21
10. Unidades Didácticas	22
11. Distribución temporal das Unidades Didácticas	54

1. INTRODUCCIÓN

A linguaxe musical occidental inclúe unha multiplicidade de elementos que, aínda que distintos no conceptual e, polo tanto, divisibles analíticamente, percibimos de xeito unitario nun contexto musical. A Harmonía ocúpase por unha banda, e dentro dunha consideración morfolóxica, do que se produce nun mesmo instante temporal; por outra, dentro do sintáctico, da súa relación co que antecede e co que lle segue: a súa función no contexto do que forma parte.

O sistema tonal, que pode ser cualificado como unha das maiores e máis prolíficas invencións do xénero humano, pode chegar a ser, polas consecuencias derivadas da simplificación que supón, un forte condicionamento para a audición pura de música non composta con arranxo os seus postulados e a súa mecánica. O coñecemento das súas peculiaridades é, en mans de quen coñece a fondo tódalas cuestións relativas á súa formación e disolución, unha poderosa ferramenta para desenvolver unha escoita intelixente e consciente que permita valorar, na súa xusta medida, tanto a música composta segundo os seus principios, como a que non se axusta a eles.

Corresponde a ensinanza da Harmonía o suministrar o coñecemento profundo de dito sistema, así como a mecánica do funcionamento dos elementos que o compón. Por ser a esta materia a continuación da de Linguaxe Musical, é lóxico que os seus aspectos teóricos máis básicos estean xa incluídos nos estudos desta materia didáctica. Por outra parte, a práctica da entonación e o repertorio do instrumento estudado, así como a asistencia do alumno ás actividades musicais propias da súa contorna social, puxérono, sen dúbida, en contacto cunha práctica e un repertorio baseados no predominio cásese absoluto de músicas compostas con arranxo ó sistema tonal, prioritario na súa educación e na súa formación durante esta etapa dos estudos musicais.

Partindo deste suposto, a ensinanza da Harmonía deberá de ir paso a paso descubrindo ó alumno o que xa sabe sen saber que o sabe; actuará de xeito semellante ó da Gramática da propia lingua: non ensinando a falar senón a comprender como se fala.

Nas ensinanzas profesionais de música a ensinanza da Harmonía estará centrada, basicamente, no estudo do sistema tonal, pero sempre considerado baixo un dobre prisma sincrónico-diacrónico: por unha banda, considerando que o sistema tonal posúe unhas estruturas pechadas en sí mesmas, que precisamente son estudiables e analizables pola permanencia que leva o que ditas estruturas estean estreitamente conectadas a un estilo perfectamente definido; por outra banda, non se debe perder de vista no estudo da Harmonía que cada estilo ocupa o seu lugar no devir diacrónico da linguaxe musical de Occidente, e que nos seus elementos morfolóxicos e o seu síntexis están presentes elementos e procedementos do seu propio pasado e, en forma latente, as consecuencias da súa propia evolución.

Por iso mesmo, con todo, para que esta materia estea realmente adaptada a esa realidade indiscutible segundo a cal o sistema tonal inclúe a xénese da súa propia superación, será imprescindible que tódolos recursos e procedementos asociados á harmonía sexan estudados dende dentro e dende fóra de dito sistema. Só se os alumnos chegan a ser capaces de comprender que a harmonía foi un dos aspectos (na realidade, un entre outros moitos), cuxa evolución foi transformando paulatinamente a concepción das ideas musicais, esta materia chegará a ter, nos primeiros anos do século XVI, a importancia que merece. E para elo, será preciso, por unha parte, que os principais elementos e procedementos constituíntes da harmonía sexan estudados tamén no marco dos sistemas harmónicos pretonais, así como no das principais linguaxes musicais posteriores á era tonal. Só así será posible que os alumnos actuais dos Conservatorios comprendan as interrelacións da harmonía co resto dos parámetros musicais que xeran a música composta ata o momento presente e estean preparados para asumir a que vaia a ser composta no futuro.

Por outra banda, o coñecemento detallado e profundo do sistema tonal irá permitindo de xeito progresivo, ampliar a comprensión de determinadas ensinanzas, como a de Historia da Música, coas que a Harmonía terá que vencellarse, son o fin de buscar a desexable complementariedade en canto á adquisición de coñecementos.

Os contidos da materia responden a unha ordenación lóxica e progresiva dos elementos e procedementos postos en xogo no sistema tonal, incluíndo tamén, como é lóxico, outros elementos, propios da

harmonía extratonal. Nos conceptos correspondentes a cada un dos elementos estudados, non só deberá prestarse atención ó aspecto mecánico do seu emprego (criterio sincrónico), senón que será necesaria unha valoración diacrónica na que se dean cita consideracións históricas e estilísticas. Esta valoración levarase a cabo fundamentalmente por medio da análise, a cal será materia importantísima a traballar durante este período de estudos.

Con respecto ós procedementos, debe terse en conta que o alumno aprende ó longo destes estudos o concenrente ós aspectos morfolóxico e sintáctico da harmonía tonal, así como das concepcións harmónicas pretonais e postonais. Co fin de facilitar a súa aprendizaxe e avaliar o aproveitamento por parte do alumno, desenvólvense unha serie de criterios que orientan a disciplina dende un tratamento esencialmente vertical, cáse homofónico, da realización da harmonía (co fin de que os elementos e procedementos morfolóxicos e sintácticos que constitúen a súa dobre dimensión sexan comprendidos na súa formulación máis esquemática), ata o emprego de técnicas de escritura máis relacionadas coa realidade musical.

Ademais, haberá de fomentarse xa dende o comezo do estudo desta materia a propia capacidade creativa do alumno, é non só no concenrente á composición íntegra de exercicios dentro dos supostos estilísticos estudados, senón incluso no referente a pequenas pezas libres, vocais ou instrumentais, a través das cales o alumno desenvolva a súa espontaneidade creativa e aprenda gradualmente a resolver os diversos problemas (referentes tanto á harmonía como á forma, a textura, os contrastes de todo tipo, etc.) que o feito musical vai xerando no seu crecemento.

1.1. Presentación

A presente Programación Didáctica desenvolve unha secuenciación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación que aparecen recollidos no Currículo Oficial vixente para a especialidade de Fundamentos de Composición. Está centrada na materia de Harmonía, que se imparte no 3º e 4º curso do Grao Profesional da ensinanza de música en tódalas especialidades instrumentais.

Elaborouse seguindo os principios que sobre a Programación Didáctica se recollen no *Real Decreto 334/2004*. Tamén se tivo en conta o que se di ó respecto no Regulamento Orgánico dos I.E.S., así como nas diferentes Circulares de Instrucións con vistas á organización dos centros da propia Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Nesta programación aparecen recollidos os seguintes apartados:

- Os obxectivos e os contidos.
- A metodoloxía que se vai aplicar.
- Os criterios, as estratexias e os procedementos de avaliación.
- Atención á diversidade e ó alumnado con necesidades especiais.
- Listado das Unidades Didácticas que a integran.

Ademais foron engadidos outros elementos que se consideraron necesarios, como o marco legal vixente, as características do alumnado, as da materia e os recursos materiais.

Na elaboración desta programación tamén se tratou de conseguir que as diferentes unidades que a integran tivesen un alto grao de relación e coherencia entre os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación.

Os alumnos entran en contacto con esta materia despois de cursar a de Linguaxe Musical, polo que é moi importante que esta primeira aproximación sexa de proveito e que sirva para aportar unha base sólida que lles permita afrontar con garantías os seguintes cursos de Análise ou Fundamentos de Composición. Deste xeito, o camiño que comezan os alumnos no estudo da Harmonía, cheo de expectativas e de moitas dúbidas por iniciarse nunha nova e complexa materia para eles, debe ser percorrido co fin de que a súa formación como músicos sexa o máis completa posible.

1.2. Fundamentación legal

Para elaborar a presente programación tivéronse en conta as diferentes Leis Orgánicas, os Reais Decretos, que constitúen o marco legal preciso para un correcto funcionamento do ensino nos centros educativos de réxime especial. Estes documentos son os seguintes (ordenados xerárquicamente):

- *Lei Orgánica da Educación (LOE)*, L.O. 2/2006, do 3 de maio, que estrutura e ordena as ensinanzas de réxime xeral e especial.
- *Lei Orgánica do Dereito á Educación (LODE)*, L.O.8/1985, do 3 de xullo, que desenvolve o artigo 27.1 da Constitución Española.
- *Real Decreto 806/2006*, do 30 de xuño, que deroga as seguintes leis: *Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE)*, 1/1990, do 3 de outubro; *Lei Orgánica da Calidade Da Ensinanza (LOCE)*, 10/2002, do 23 de decembro; *Lei Orgánica de Participación, Avaliación e Goberno dos Centros Educativos (LOPAGCE)*, 9/1995, do 23 de febreiro. Este R.D. tamén fixa o calendario para a aplicación da LOE a partir do curso académico 2007/2008.
- *Real Decreto 1577/2006*, do 22 de decembro, no que se establecen os currículos dos Graos Elemental e Profesional das ensinanzas da Música. Este aínda non foi desenvolvido en Galicia.
- *Real Decreto 756/1992*, do 26 de xuño, que foi o que estableceu o currículo dos graos elemental e medio das ensinanzas de Música. Este R.D. foi desenvolvido en Galicia á través do *Decreto 253/1993*, do 29 de xullo.
- *Real Decreto 83/1996*, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.
- *Real Decreto 943/2003*, do 18 de xullo, onde se atende ó alumnado con necesidades educativas específicas, e polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diferentes niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos con alta capacidade intelectual (recollido no artigo 9).
- *Decreto 253/1993*, do 29 de xullo, exclusivo para Galicia e subordinado ó *Real Decreto 756/1992*, polo que se regulan e establecen os distintos currículos dos graos Elemental e Medio do ensino da Música.

1.3. Características dos alumnos

Coñecementos previos

Os coñecementos previos dos alumnos que comezan a estudar Harmonía son aqueles contidos relacionados con esta materia que aparecen no currículo de Linguaxe Musical (en especial, nos dous cursos de grao profesional), podemos resumilos nos seguintes:

- Recoñecemento auditivo e análise de pequenas estruturas tonais e formais sinxelas.
- Práctica auditiva e vocal de estruturas harmónicas (tonais), con algunha dominante secundaria ou modulación, con recoñecemento analítico do proceso.
- Identificación dos diferentes acordes e da súa función tonal.
- Improvisación baseada en pequenos esquemas harmónicos e formais.
- Identificación dos distintos elementos melódicos, rítmicos, dinámicos, cadenciais, formais, modulatorios, tímbricos e de estilo en obras escoitadas.
- Desenvolvemento de hábitos de interpretación partindo do coñecemento e da análise dos elementos melódico-harmónicos.

Características psicolóxicas

Para elaborar esta programación tívose en conta a *teoría cognitiva* do psicólogo suízo Jean Piaget (1896-1980), ésta está baseada na idea de que a capacidade cognoscitiva do ser humano é a responsable da súa interacción coa súa contorna, da súa evolución mental e, polo tanto, da súa aprendizaxe. Segundo esta teoría o individuo ten dúas aptitudes innatas e instintivas, unha é a capacidade de organización, e a outra, a de adaptación. No seu crecemento vaise organizando e adaptando ó ambiente que hai ao redor del, a través dunha evolución do seu xeito de elaborar o pensamento, que pasa por catro períodos ordenados: o sensoriomotor, dende o nacemento ata os 2 anos; o preoperacional, dos 3 anos ós 7; o das operacións concretas, dos 7 ós 11 anos; e o das operacións formais, dos 11 ós 14 anos.

Tendo en conta a idade á que comezan os alumnos os estudos de harmonía, temos que profundizar na etapa das operacións formais. A característica máis importante desta etapa é a aparición do *racionalismo hipotético deductivo*, grazas ó cal non se precisa partir de obxectos concretos para chegar a deducións, senón que se pode facer partindo de hipótese. Este paso a un pensamento de tipo abstracto precisa do establecemento de sistemas de representación e, polo tanto, do desenvolvemento da linguaxe abs-

tracta e dunha ampliación do vocabulario.

Outro dos trazos desta etapa é a aparición do *pensamento proposicional*, que é un tipo de pensamento operacional formal no que os nenos avalían a lóxica das afirmacións verbais sen facer referencia ás circunstancias do mundo real.

Cos cambios mentais e corporais e o desenvolvemento do pensamento abstracto, obtense como resultado unha preocupación excesiva sobre si mesmo, coñecida como *egocentrismo operacional formal*, é dicir, son incapaces de separar a abstracción de si mesmos dos demais. Como consecuencia disto, aparece a *fábula persoal*, a crenza de que son o centro do universo lévaos a ter unha imaxe pouco axeitada de si mesmos, que se temos en conta os cambios corporais, pode oscilar entre a confianza excesiva e a autocompasión.

Esta delicada situación do alumno nesa etapa compre tela ben presente para que o trato con el sexa o máis axeitado para que dese xeito poder conseguir os mellores resultados posibles na aprendizaxe da harmonía.

1.4. O profesor

O profesor debe ser un axente motivador que, empregando variadas estratexias didácticas, tratará de esperta-lo interese, potenciar a musicalidade e a participación do alumno. Entre as estratexias básicas debemos lembrar as seguintes:

- Estimular a participación activa dos alumnos na clase.
- Coidar o xeito de presentación da información, non abusando sempre da mesma forma de comunicación.
- Empregar estratexias que fagan revivir nos alumnos os coñecementos adquiridos anteriormente, para construír sobre eles a aprendizaxe dos novos coñecementos.
- Evitar as sancións negativas polo fracaso, e a falta de recoñecemento polo éxito.
- Procurar que o alumno interveña na planificación didáctica, por exemplo, na súa preparación, opinando sobre a súa realización e dándolle a oportunidade de rexeitar ou aprobar actividades que se proponían (sempre dentro do razoable).
- Convidar ó alumno a que participe na avaliación da súa aprendizaxe.
- Espertar e desenvolver en todo momento a creatividade nos alumnos.
- Coidar permanentemente a forma de dirixirse ós alumnos, debe ser sempre moi respetuosa, non pode haber ningún xeito de menosprecio. Sempre hai a posibilidade de dicir as cousas de moitos xeitos, non convén nunca recurrir ós menos correctos. Debe respectar, e será respectado.

1.5. O contexto educativo

O centro educativo no que se desenvolverá a presente programación é o Conservatorio Profesional de Música de Ourense (dependente da Xunta de Galicia), que está situado nunha contorna urbana, na cidade de Ourense.

Este centro de educación musical cubrirá as demandas de ensinanza musical, especialmente a través do ensino instrumental, dos alumnos que formen parte dunha banda de música (formacións frecuentes no medio rural), que estudan algún instrumento de vento, ou percusión. Ó mesmo tempo, dará formación a outros alumnos, procedentes da propia cidade e da súa contorna, que en xeral, estudan piano, guitarra ou instrumentos de corda.

Aparte dos anteriormente citados, outros instrumentos que se poden estudar no centro, son: o clave, a gaita, o acordeón e o órgano, este último instrumento só se pode estudar en Galicia, neste centro.

A diversa orixe socio-cultural do alumnado, coas súas diferentes necesidades, é un importante factor a ter en conta para un bo funcionamento e o correcto enfoque do centro. Este debe ter ben presente cales son as necesidades de educación e formación musical na súa contorna para así poder atender todas as demandas.

O centro debe de dispor de aulas axeitadas para impartir a materia de Harmonía, incluíndo unha biblioteca de aula, un piano, un equipo de música, un PC, e outros recursos didácticos máis tradicionais como un encerado con pentagramas, xices e borrador.

Tal e como marca a lexislación, o centro tamén dispón dunha aula polivalente (sala de audicións, ou auditorio). Tamén conta con biblioteca, aula de audiovisuais e outras dotacións (como servizo de copistería e outros).

Dentro do Proxecto Educativo do Centro aparece reflectida a importancia de toda actividade artística e cultural na comunidade educativa, propiciando e fomentando a participación do alumnado en actividades musicais e artísticas en xeral, tanto dentro como fora do centro, en horario lectivo ou fóra del.

1.6. Descrición e problemática da materia de Harmonía

No Grao Profesional o alumno debe ampliar os seus coñecementos con vistas a unha formación musical integral destinada a formar futuros músicos profesionais. Por iso a especialidade instrumental é primordial, actuando como eixo vertebrador do currículo, onde, en moitos casos as materias de carácter teórico, ou teórico-práctico quedan, ás veces (lamentablemente) nun segundo plano. De todos xeitos, hai que salientar que o estudo da Harmonía é esencial para unha formación completa do alumno.

Ó longo do 3º e 4º curso do Grao Profesional, a ensinanza da Harmonía estará centrada, sobre todo, no estudo do *sistema tonal*, pero sempre considerado baixo unha dobre vertente:

- Por unha banda, considerando que o sistema tonal posúe unhas estruturas pechadas en si mesmas, que son estudadas e analizadas pola relación estreita cun estilo musical perfectamente definido.
- Por outra, non se debe esquecer no estudo da Harmonía que cada estilo ocupa o seu lugar na historia da evolución da linguaxe musical de Occidente.

Tamén é importante ter en conta que o coñecemento profundo do sistema tonal sevirá de base para afrontar nun futuro os estudos de Análise, Acompañamento (para os alumnos de Piano) ou Fundamentos de Composición, e en menor medida, a materia de Historia da Música. En consecuencia, o currículo ademais de pretender que o alumno desenvolva procedementos e hábitos de escritura harmónica, persegue tamén acadar un coñecemento o máis completo posible do sistema tonal e dos elementos que o constitúen.

Con todo isto, o coñecemento do funcionamento da tonalidade funcional achégalle ó alumno unha maior comprensión do feito musical, que favorecerá a súa aprendizaxe como instrumentista ó poder profundizar no estudo das obras para o seu instrumento, aportándolle unha nova visión que lle facilitará a súa asimilación e interpretación. Isto se cabe, é máis importante no estudo dos instrumentos polifónicos, nos que a comprensión do feito harmónico é máis necesario por ser un elemento que ten unha presenza constante no repertorio que traballan.

Cabe tamén mencionar a aqueles alumnos que teñan algunha inquedaanza pola creación musical, a materia que nos ocupa será unha porta de entrada a este mundo, sendo o primeiro paso sobre o que cimentar estudos posteriores.

1.7. Relación con outras materias

Cando os alumnos comezan o estudo do Grao Profesional, nos dous primeiros cursos, estúdase Linguaxe Musical, que lle proporciona ó alumno os elementos teóricos e de tipo funcional necesarios para a práctica da lectura e da escritura musical.

Nos cursos 3º e 4º do Grao Profesional, partindo das dúas posibilidades que existen (tendo en conta se os instrumentos son sinfónicos, ou non), os alumnos cursan as materias que se expoñen a continuación:

O horario (semanal) para os instrumentos da orquestra sinfónica (frauta traveseira, oboe, clarinete, fagot, trompa, trompeta, trombón, tuba, violín, viola, violoncelo, contrabaixo, arpa, saxofón e percusión):

Instrumento, 1 hora; Harmonía, 2 h.; Orquestra, 2 h.; Música de Cámara, 1 h. e Piano Complementario, ½ h..

Para os demais instrumentos (acordeón, canto, clave, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco, frauta de pico, gaita, guitarra, instrumentos de púa, órgano, piano, viola da gamba, etc.):

Instrumento (ou Canto), 1 hora; Harmonía, 2 h.; Música de Cámara, 1 h.; Coro, 1 e ½ h. e Piano Complementario, ½ h..

Os alumnos que estuden Canto teñen ademais 1 hora de idioma estranxeiro.

Deste xeito, cabe observar, por exemplo, que a materia de Piano Complementario ten unha relación moi estreita coa de Harmonía por varios motivos. En primeiro lugar, dous dos criterios de avaliación presentes no currículo oficial son os seguintes:

- *“ Improvisar no piano, a partir de esquemas propostos, os enlaces de acordes e os procedementos da Harmonía tonal estudados, nun estilo básicamente homofónico ”.*
- *“ Tocar no piano os traballos realizados ”.*

Tendo en conta todo isto é doado chegar á conclusión de que para conseguir acadar estes criterios de avaliación na materia de Harmonía, é necesario o traballo realizado en Piano Complementario (para os alumnos non pianistas).

A materia de Coro, que é unha práctica en conxunto (co que isto ten de positivo) favorece a interiorización de contidos da Linguaxe Musical, e provoca o desenvolvemento do pensamento harmónico a través da condución das voces.

Con respecto ás materias de instrumento, Música de Cámara e Orquestra (para aquelas especialidades que a teñan), os contidos traballados en Harmonía axudarán a desenvolver as facultades musicais do alumno e repercutirán nunha mellor e máis completa formación musical e unha mellor comprensión do feito sonoro, favorecendo, dese xeito, unha maior musicalidade. Como resume do dito anteriormente, citaremos dous dos obxectivos que figuran no currículo da materia que tratamos:

- *“ escoitar internamente a harmonía, tanto na análise como na realización de traballos escritos ”.*
- *“ escoitar a través da audición os acordes e os procedementos máis comúns da harmonía tonal ”.*

Indo un pouco máis aló dos dous cursos onde se estuda Harmonía, cabe comentar que:

A relación que existe entre os estudos da Harmonía e as materias Análise e Fundamentos de Composición é moi evidente, sería cási imposible poder cursar estas materias sen unha boa base harmónica.

A materia de Historia da Música, proporciónalles ós alumnos os coñecementos históricos e estéticos que o instrumentista precisa para así conseguir unha interpretación o máis correcta posible.

Para a materia de Acompañamento (só para os alumnos de Piano), os coñecementos harmónicos son fundamentais para un correcto desenvolvemento nela.

Nesta programación non se contemplan as materias opcionais debido a súa natureza, xa que son a antesala dos estudos superiores.

1.8. Relación cos estudos de réxime xeral

Segundo a LOE 2/2006 as ensinanzas de réxime xeral constan dos seguintes niveis: Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria e Formación Profesional. Non se contempla ningunha modificación con respecto á LOXSE e LOCE, agás que o antigo Bacharelato Musical pasa a ser un Bacharelato Artístico.

Os alumnos que estudan Harmonía, no 2º e 3º curso do G.P., se comezaron a estudar ós oito anos, estarán cursando 3º e 4º curso da ESO. En consecuencia, as relacións cos estudos de réxime xeral pasan pola vinculación que poida haber coa da área de Música impartida no 3º curso da ESO. Tendo en conta que os contidos de Música neste curso tratan sobre a evolución da música occidental ó longo da historia, a relación co estudo da harmonía é, máis ben, escasa. Pero dado que no conservatorio o alumno aínda non fixo estudos de Historia da Música, este coñecemento acadado no ensino obrigatorio proporciónalles unha primeira aproximación á comprensión do fenómeno musical. En consecuencia, axudarlle a ver e a comprender o sistema tonal funcional, que se estuda no 3º e 4º curso do G.P., como un elemento asociado a unha época determinada.

2. OBXECTIVOS XERAIS

1. Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal, as súas características e funcións a través do estudo dos seus elementos morfolóxicos e sintácticos, co fin de poder acadar unha comprensión dos fundamentos da súa linguaxe.

Ó longo deste curso preténdese que o alumno aprenda as bases da harmonía tonal, sendo para el un punto de partida primordial a comprensión da súa morfoloxía constitutiva (os diferentes tipos de

acordes) e a súa estrutura sintáctica (funcións tonais e cadencias).

2. Desenvolver o pensamento científico na utilización dos distintos procedementos harmónicos.

Convén desde o comezo dos estudos da harmonía, facer un estudo racional e consciente que permita ó alumno afrontar a súa formación harmónica con garantías, é importante que reflexione sobre cada un dos elementos a tratar.

3. Utilizar nos traballos escritos de harmonización os elementos e procedementos básicos da harmonía tonal estudados, co fin de adquirir unha comprensión práctica da linguaxe propia de dito sistema.

A realización práctica de diferentes exercicios nos que o alumno teña que poñer en práctica os coñecementos que vai obtendo ó longo do curso, e que poderán tomar como punto de partida baixos dados (cifrados e sen cifrar) e cantos.

4. escoitar internamente a harmonía, tanto na realización de exercicios como na análise con vistas a acadar unha comprensión auditiva dos procedementos tonais estudados.

Con este obxectivo preténdese que o alumno, ademais de saber escribir ou analizar sobre unha partitura determinados procesos morfolóxicos ou sintácticos relativos á tonalidade, poida recoñecelos auditivamente.

5. tocar esquemas harmónicos básicos no piano partindo da lectura de elementos escritos polo alumno, ou esquemas dados, que lle permitan familiarizarse cos diferentes procedementos harmónicos estudados.

Con este obxectivo preténdese que o alumno toque no piano os exercicios harmónicos que escribe, así como exemplos propostos polo profesor, que lle permitan escoitar e coñecer a sonoridade daqueles elementos traballados durante o desenvolvemento do curso. É moi importante fomentar o hábito de tocar e probar os exercicios que se escriben, favorecendo con elo o desenvolvemento do oído interno, e unha toma de conciencia do resultado sonoro real, dos traballos harmónicos realizados. Ben a ser un achegamento consciente e real ó fenómeno sonoro, é importantísimo escoitar o resultado sonoro do traballo feito para que o alumno teña claro que o que fai é música, senón pode ter certa sensación de estar facendo “ crucigramas ”.

6. Identificar a través da audición os acordes e procedementos tonais estudados, que faciliten a relación entre aquilo que se estuda e se escribe co resultado sonoro que se produce.

Este obxectivo (que está moi relacionado co anterior) pretende que o alumno interiorice a sonoridade dos elementos básicos da harmonía tonal estudados (acordes, enlaces, cadencias, etc.)

7. Identificar a través da análise de fragmentos ou pequenas obras os acordes e procedementos tonais estudados, relacionando o súa utilización coas harmonizacións propias.

Este obxectivo pretende iniciar ó alumno na análise harmónica de exemplos musicais (axeitados) que lle permitan relacionar os coñecementos adquiridos con exemplos concretos onde se poñan en práctica os elementos tratados.

8. Comprender, a través da audición e da análise, a interrelación dos procesos harmónicos coa organización formal da frase musical, para acadar un coñecemento básico da importancia da harmonía tonal como elemento vertebrador da forma.

Nos dous cursos de Harmonía, o alumno escribirá numerosos exemplos que lle permitan coñecer como se articula unha frase musical, tendo en conta as funcións tonais e a harmonía en xeral. A práctica analítica levarase a cabo, sobre todo, traballando pequenas formas (como, por exemplo, o coral) para que con posterioridade e progresivamente, poder ir abordando a análise de formas máis extensas (en todo caso, obras que sexan comprensibles para o alumno). Deste xeito, tratarase de que o alumno comprenda a articulación formal da frase musical e a relacione coa estrutura harmónica da mesma, observando todos os elementos harmónicos utilizados para súa elaboración (pertenzan ó eido sintáctico ou ó formal).

9. Ser crítico fronte á escasa calidade harmónica que se puidese presentar, tanto en música propia como allea, propondo alternativas ás deficiencias observadas, co fin de ter unha visión obxectiva do feito musical.

Nos dous cursos de Harmonía é necesario fomentar e favorecer no alumno a crítica e a autocrítica con respecto ós seus traballos, así como á calidade constructiva no que á harmonía se refire, en diferen-

tes situacións e contextos. E tamén moi importante tratar de que o alumno escoite a maior cantidade de música posible (de calquer estilo), pero de calidade, e que o faga con senso crítico, sendo máis esixente co que escoita.

10. Fomentar o traballo en grupo e a educación en valores.

O traballo en grupo debe ser tido en conta en tódalas súas facetas, pois estimula a creatividade e contribúe a que o alumno se integre no grupo e participe aportando as súas ideas. O traballo colectivo na clase é básico, como por exemplo, cantar os traballos harmónicos realizados polos seus compañeiros e abrir debates sobre ditos traballos ou sobre as obras analizadas. É fundamental que o alumno se atope cómodo na clase para que así poida abordar os estudos da harmonía con éxito. En canto á educación en valores, é importantísimo coidar o ambiente na clase e propiciar un respecto total e absoluto ós compañeiros, para iso o papel do profesor é determinante, debe, ante todo, respectar ó alumno e dar sempre un bo exemplo.

11. Fomentar o hábito da audición, da lectura e do uso das T.I.C.

A audición é importantísima cando de música se trata, só a base de escoitaír moita e boa música podemos refinar o gusto e facer unha mellor selección das audicións. Hai que tratar de fomentar e favorecer que o alumno asista ós concertos que teñan lugar na súa contorna, canta máis música escoiten en directo mellor. En canto á lectura, convén motivar ó alumno para que lea o máis posible, tanto libros sobre música como literatura en xeral, a lectura favorece a sana curiosidade por aprender máis cada día. O uso das T.I.C. é imprescindible hoxe en día, xa que é unha boa fonte de información e facilita a aprendizaxe en xeral.

3. CONTIDOS XERAIS

Para conseguir os obxectivos citados anteriormente, serán impartidos os seguintes contidos. Dada a natureza maioritariamente procedimental da materia, obviouse a tradicional separación entre contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais. Os contidos son os seguintes:

Harmonía I

- O son, fundamentos básicos.
- O intervalo harmónico.
- Consonancia e disonancia.
- As escalas. Os graos da escala.
- O fenómeno físico-harmónico.
- O acorde tríada.
- Tonalidade e funcións tonais.

Clasificación dos acordes - A teoría dos grupos harmónicos.

- Estado fundamental e inversións dos acordes tríadas (sobre todos os graos das escala).
- O cifrado dos acordes (tríadas).
- Harmonización a catro partes ou voces.

Voces ou partes harmónicas - Duplicacións - Supresións - Disposición dos acordes.

- O enlace dos acordes.

Movemento melódico - Movemento harmónico.

- O ritmo harmónico.
- A cadencia auténtica (perfecta e imperfecta), plagal e rota. A semicadencia.

Conclusivas e suspensivas - Masculinas e femininas - Procesos cadenciais - A 4ª e 6ª cadencial.

- O modo menor. Elementos e procedementos de orixe modal presentes no sistema tonal.

A relación dos modos maior e menor coa modalidade antiga - Cadencias de orixe modal, a cadencia fruxia.

- A serie de sextas.
- Progresións diatónicas.
- Formación - Realización.
- A modulación.

Tipos - Grao de parentesco tonal - A modulación diatónica - O cambio de función tonal - Análise.

- Introducción ás notas estrañas - Clasificación - Análise.
- Utilización dos elementos e procedementos anteriores na realización de traballos escritos.
- Iniciación á harmonización do coral *a capella*, utilizando notas estrañas.
- Práctica auditiva e instrumental co fin de interiorizar os elementos e procedementos aprendidos.
- Análise de pequenas obras (por exemplo o *coral*) ou fragmentos para asociar os elementos e procedementos tratados cos diferentes exemplos musicais.

Harmonía II

- O acorde de sétima - As diferentes especies (ou tipos) - Os diferentes estados.
- O acorde de sétima de dominante - O cifrado.
- Os acordes de sétima sobre a sensible (modos maior e menor).
- A modulación (continuación) - Diatónica e cromática.
- As notas estrañas (continuación).
- Os acordes de sétima con función de subdominante (sobre os graos II, IV e VI) - O cifrado.
- Outros acordes de sétima (III e I)
- A serie de sétimas diatónicas.
- O acorde de novena de dominante.
- A nota pedal - Acordes sobre tónica.
- Dominantes secundarias.
- O modo maior mixto - A sexta napolitana.
- Progresións modulantes.
- Acordes alterados.
- Acordes de sexta aumentada.
- O cifrado americano - A harmonía no jazz.
- Utilización dos elementos e procedementos anteriores na realización de traballos escritos
- Práctica auditiva e instrumental co fin de interiorizar os elementos e procedementos estudados.
- Análise de pequenas obras ou fragmentos para entender mellor os elementos e procedementos traballados.

4. AVALIACIÓN

A avaliación debe ter unha función orientadora e formativa. Debe ser motivadora, reflexiva e analítica. Ten que referirse ós procesos (avaliación continua) e non só ós resultados (avaliación final). Os criterios de avaliación deben garantir unha avaliación sistemática e obxectiva, que estea baseada no equilibrio entre obxectivos e resultados acadados.

4.1 Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación están intimamente relacionados coa escritura musical, coa identificación auditiva e analítica e coa interpretación ó piano. Son os seguintes:

1. Comprender os componentes básicos do sistema tonal estudados (acordes tríadas, normas para a condución das voces, funcións tonais, cadencias, acordes cuatríadas, etc, etc.), saber as súas características e as regras referidas ó seu emprego nas harmonizacións.

Con este criterio pode comprobarse o coñecemento que o alumno ten de todos aqueles elementos estudados referidos á constitución do sistema tonal bimodal, así como ó seu desenvolvemento.

2. Realizar exercicios de harmonización por escrito, a partir dun *baixo dado* con cifrado, que poderá presentar progresións diatónicas e modulacións (diatónicas e cromáticas), respectando as normas referentes ó movemento melódico e harmónico das voces, así como a morfoloxía dos acordes cifrados.

Con este criterio trátase de comprobar cal é o dominio que o alumno ten no referente á mecánica de enlace dos acordes e a súa aplicación a unha harmonización ben coidada e interesante dende un punto de vista musical.

3. Realizar exercicios de harmonización por escrito, partindo dun *baixo dado* sen cifrar, procurando elixir ben os acordes (en tódolos estados), tendo en conta as súas funcións tonais, coidando a condución harmónica e melódica das restantes voces, prestando especial atención a calidade melódica do soprano.

Con este criterio podemos valorar a capacidade do alumno para empregar cun senso sintáctico os diferentes acordes e procedementos harmónicos, tamén a súa habilidade para a consecución dunha realización correcta e interesante no aspecto musical, con especial atención á liña melódica da soprano. Deste xeito, ademais da perfección técnica terase en conta a calidade e o interese musical da soprano.

4. Realizar exercicios de harmonización a partir de *cantos dados* empregando tódolos estados dos acordes tríadas e cuatríadas, a modulación diatónica e cromática e todos os demais recursos estudados anteriormente, respectando as normas relativas ó movemento melódico e harmónico das voces, utilizando correctamente os diferentes graos segundo a súa función tonal, e coidando a liña melódica do baixo.

Con este criterio pode avaliarse a capacidade do alumno para utilizar cun senso sintáctico os distintos tipos de acordes e procedementos harmónicos por medio dunha harmonización interesante e coidada, prestando unha atención especial á liña melódica do baixo. Do mesmo xeito, pode observarse a capacidade para elixir ben os acordes e as cadencias (situándoas axeitadamente ó longo do exercicio).

5.. Harmonizar corais *a capella* (nun estilo semellante ó de J.S. Bach) utilizando os diferentes estados dos distintos acordes (tríadas e cuatríadas), a modulación diatónica e todos os demais recursos traballados con anterioridade, tendo en conta as normas para que o movemento melódico e harmónico das voces sexa o correcto, planificando axeitadamente as cadencias.

Con este criterio avaliarase a capacidade do alumno para realizar unha harmonización equilibrada e tamén a planificación, tendo en conta a estrutura rítmica, das diferentes cadencias (elixíndoas tendo en conta o sentido melódico e o grao de conclusividade preciso en cada intre).

6. Compoñer breves exercicios a partir dun esquema harmónico dado ou propio, empregando tódolos recursos traballados con anterioridade e respectando as normas relativas á morfoloxía e sintaxe do sistema tonal, prestando unha atención especial ás liñas melódicas exteriores (soprano e baixo).

Con este criterio podemos valorar a capacidade do alumno para crear na súa integridade pequenas frases musicais, que poderán abarcar arredor de oito compases, a partir das indicacións dos esquemas harmónicos ou dos procedementos propostos, así como a súa habilidade para conseguir unha realización coherente, coidada e interesante musicalmente, vixiando con atención especial o movemento melódico das voces exteriores.

7. Identificar auditivamente os acordes tríadas e cuatríadas sobre tódolos graos das escalas, nos diferentes estados.

Con este criterio poderá avaliarse o progreso na habilidade auditiva do alumno, a través da identificación dos acordes tríadas e cuatríadas estudados, nos diferentes estados e disposicións. O que se pretende é que cando o alumno escoite un acorde illado, poida identificalo e anotalo.

8. Identificar unha secuencia de acordes dados nos que se empregarán os acordes tríadas e cuatríadas sobre tódolos graos das escalas, anotando o baixo, a función tonal, o grao harmónico eo cifrado de cada acorde.

Con este criterio preténdese avaliar se o alumno desenvolveu o oído interno o suficiente como para poder identificar nunha secuencia dada, os acordes que a compoñen, anotando de paso o baixo, a función tonal, o grao e o cifrado correspondente a cada un deles. Deste xeito, o importante non será realizar un recoñecemento illado de cada acorde, senón o seu recoñecemento en contextos dinámicos e concretos. Podemos partir de secuencias curtas (arredor de catro compases) e, pouco a pouco, poden ampliarse.

9. Identificar auditivamente a clasificar os principios procedementos sintácticos da harmonía tonal estudados; funcións tonais, cadencias, progresións diatónicas e modulacións diatónicas.

Con este criterio preténdese que o alumno coñeza a sonoridade dos elementos sintácticos traballados, de xeito que poida identificalos e clasificalos despois da súa audición.

10. Identificar mediante a análise de obras ou fragmentos os elementos morfolóxicos da harmonía tonal estudados; os diferentes estados dos acordes tríadas e cuatríadas.

Con este criterio preténdese valorar a habilidade do alumno no recoñecemento analítico dos acordes estudados, cifrándoos con corrección.

11. Identificar mediante a análise de obras o grao harmónico dos diferentes acordes as funcións tonais, as cadencias, as progresións diatónicas, as modulacións (diatónicas e cromáticas) e a configuración

rítmica de cada frase presente en cada obra.

Con este criterio poderás avaliar a capacidade do alumno para recoñecer os elementos procedementos harmónicos estudados, establecendo a súa función. En consecuencia, será importante saber a función que cumpre cada acorde, así como identificar as distintas cadencias, progresións (diatónicas e modulantes) e modulacións (diatónicas e cromáticas) que teñan lugar.

12. Ser capaz de dividir formalmente unha frase musical indicando a súa constitución rítmica, e relacionar a súa análise harmónica coa forma estrutural, indicando as cadencias e a súa tipoloxía.

Con este criterio preténdese avaliar os coñecementos do alumno no referente á estrutura rítmica da idea musical, en definitiva trátase de estudar a relación entre a harmonía e a forma musical. Nestes cursos partiremos da relación nas pequenas formas, asociando a estrutura das frases musicais coa súa configuración harmónica.

13. Improvisar no piano, a partir de esquemas harmónicos propostos, os enlaces de acordes e os procedementos da harmonía tonal estudados, nun estilo, basicamente, homofónico.

Con este criterio pódese valorar tanto a capacidade do alumno para improvisar os enlaces de acordes e os procesos harmónicos básicos en tódalas tonalidades, como o grao de interiorización dos mesmos. Neste curso preténdese que o alumno realice, dentro das distintas tonalidades propostas, determinados enlaces de acordes ou cadencias determinadas. Deste xeito, partindo de esquemas de dous ou tres acordes, ou cadencias que lle obriguen a improvisar un mesmo enlace en diferentes tonalidades, fomentando con elo a espontaneidade e a facilidade para pensar e levar a cabo os elementos estudados.

14. Tocar no piano os traballos harmónicos realizados, tratando de acadar un nivel interpretativo mínimo, tendo en conta as posibilidades e características de cada alumno, que permita unha correcta comprensión dos exercicios escritos.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno sexa capaz de utilizar un instrumento polifónico (normalmente, o piano) como medio de aprendizaxe para comprobar o resultado sonoro e interiorizar o efecto que producen as diferentes sucesións harmónicas realizadas. Esta cuestión ten unha gran importancia para que a materia harmónica teña vida, e non teña o alumno a sensación de que está cumprindo unha serie de normas abstractas, todo o contrario, é moi importante que el mesmo comprobe mediante a interpretación no piano, que o feito de respecta-las regras harmónicas favorece a musicalidade e mellora o resultado sonoro acadado nos exercicios de harmonización.

15. Identificar, auditivamente e a través da análise diversos erros relativos ó movemento melódico e harmónico das voces ou outros elementos estudados, en exercicios preparados con esta finalidade ou en harmonizacións propias ou alleas, propoñendo solucións razoadas e axeitadas.

Con este criterio pódese avaliar a habilidade do alumno para detectar, por medio da audición ou da análise, os posibles defectos musicais que poidan aparecer nun exercicio realizado, así como a súa capacidade para propoñer solucións alternativas axeitadas.

16. Desenvolver o pensamento científico ante os procedementos harmónicos.

Con este criterio preténdese que o alumno manexe cun criterio o máis musical posible os elementos estudados. Debe tratar de realizar os seus traballos coa máxima concentración e facendo un uso racional do material harmónico a empregar, sempre perseguindo a mellor calidade musical nos traballos realizados.

4.2 Instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación deben ser obxectivos, fiables e ponderables, capaces de discriminar niveis de rendemento a través de escalas cuantitativas (numéricas) e cualitativas (cualificacións).

A avaliación non estará centrada exclusivamente nos contidos de tipo conceptual, senón que se valorarán tamén os contidos procedimentais e actitudinais, polo tanto, empregaranse como ferramentas de avaliación as seguintes:

- Observación sistemática, diaria e individual de cada alumno.
- Caderno de clase do alumno.
- Diario de clase do profesor, onde serán anotadas as actividades realizadas con cada grupo, etc..
- Realización de traballos en grupo, abrindo un debate e con aportación de ideas de cada alumno.

- Probas escritas e orais, que deberán amosar os coñecementos adquiridos do alumno.
- Probas de interpretación de cadencias, exercicios e esquemas harmónicos, etc., no piano.

4.3 Criterios de cualificación

Os sistemas de cualificación son a ferramenta que concreta cuantitativamente os criterios de avaliación (que avaliamos), os procedementos de avaliación (como avaliamos) e a temporalización (cando avaliamos). Nesta programación están marcadas as porcentaxes sobre a nota final, resultando as valoracións seguintes:

- A participación na clase suporá un 20% da nota final.
- Os traballos realizados durante o curso, un 40% da nota final.
- Os traballos realizados en grupo, un 10% da nota final.
- Os exámes escritos ou orais, un 30% da nota final.

Cada un dos criterios de avaliación citados anteriormente será puntuado do 1 ó 10 e aplicarase á valoración sistemática das clases e tamén, ás probas específicas trimestrais (e de fin de curso).

Nas probas trimestrais deberán tratarse todos os apartados descritos con anterioridade, segundo os criterios de cualificación, cada un deles será valorado positiva ou negativamente segundo fora tratado. A suma total de tódalas puntuacións será de 10,

As probas trimestrais (e a final) estarán constituídas por:

- Escritura musical. Harmonización dun *baixo-canto dado* (sen cifrar).
- Audición. Ditado harmónico a catro voces.
- Análise. Análise dunha obra (ou fragmento) oral ou escrita.
- Interpretación ó piano. Interpretación dunha secuencia harmónica cun patrón rítmico improvisado polo alumno.
- Composición dunha peza breve partindo de esquemas harmónicos propostos ou propios, tanto para teclado, como para instrumento solista con acompañamento.

4.4. Mínimos exigibles para aprobar o curso

A nota final dependerá de dous factores, da observación sistemática (o seguimento individual), e das probas trimestrais e a final.

Para poder aprobar o curso, a nota final debe ser igual ou superior ó 5. Deberá demostrar un mínimo de destrezas que se poden resumir en:

- Escritura musical. Coñecemento teórico e práctico dos elementos que forman parte dos contidos do curso, empregándoos nos exercicios harmónicos escritos cun mínimo de erros.
- Audición. Capacidade para recoñecer os distintos acordes, as funcións tonais, as cadencias, as progresións, etc..
- Análise. Ser capaz de recoñecer e comprender os diferentes recursos harmónicos, formais, temáticos, rítmicos, etc..
- Interpretación ó piano. Demostrar unha mínima habilidade no enlace de acordes, pequenos esquemas harmónicos, etc., no piano.
- Composición. Ser capaz de compoñer unha pequena peza, baseada nun esquema harmónico propio ou dado, cunha mínima calidade musical.

A cualificación de cada trimestre será a media entre a nota obtida na proba trimestral e a da avaliación contínua. O reparto porcentual de cada apartado será establecido polo profesor.

Aqueles alumnos que leven un suspenso nun trimestre non terán que recuperalo, por ser o contido da materia acumulativo, se un alumno leva un suspenso nun trimestre, se aproba o seguinte xa é suficiente.

4.5. Actividades de recuperación

Segundo o borrador da nova reforma educativa, a LOE, os alumnos poderán promocionar ó seguinte curso tendo dúas materias suspensas (algo que non sucedía anteriormente).

Ademais tamén se contemplan exames de recuperación en setembro (ó igual que sucedía no antigo plan do ano 1966), dito exame será semellante ás probas trimestrais.

No caso de non superar a proba específica do mes de setembro, o alumno, se promociona, atoparase no curso seguinte onde será necesario atender individualmente as súas carencias con respecto á materia de Harmonía con exercicios axeitados que lle poidan permitir abordar o curso no que se atopa. Polo tanto, terá que asistir, con regularidade, ás clases do curso pendente e presentarse ás probas trimestrais (e a final) establecidas.

5. METODOLOXÍA

Tendo en conta que a ensinanza da harmonía pretende conseguir a comprensión e familiarización cos procedementos principais da harmonía tonal e modal, tanto dende a escoita como dende a práctica, a metodoloxía aplicada combinará a escoita activa dos temas estudados, o traballo individual para conseguir o dominio da práctica harmónica e a interpretación no piano dos traballos realizados.

Combinaranse os métodos expositivos do profesor para as explicacións, o traballo individual para a realización de exercicios e composicións e as actividades colectivas para a análise de obras. O traballo de identificación auditiva será realizado con ditados, levados a cabo polo profesor ou polos propios alumnos.

Terase especial coidado en non converter a materia nun traballo “ teórico ”, fomentando a análise e a escoita activa, así como a interpretación no piano dos traballos realizados. Será necesario situar estilísticamente (e temporalmente) os recursos estudados, para o que será de utilidade a análise.

O seguimento da evolución dos alumnos será realizado mediante a corrección individual, e valorarase o seu desenvolvemento, a partir do diagnóstico inicial, con criterios adaptados ás súas propias capacidades, o seu traballo e a súa evolución.

5.1. Organización do espazo e do tempo

A organización do espazo e do tempo é fundamental, xa que condiciona en grande medida a viabilidade das aspiracións educativas.

Como estamos ante unha materia que conta cunha cociente non superior ós oito alumnos, faranse as seguintes consideracións, tendo en conta o espazo dispoñible:

- Debe procurarse que o encerado estea situado nun lugar onde tódolos alumnos poidan velo, pois terá un papel moi importante en moitas das actividades que se levarán a cabo.

- De ser posible, a ventá estará colocada á esquerda dos alumnos, dado que a maior parte dos alumnos son destros, deste xeito evítanse sombras molestas.

- Elexir unha colocación óptima para o piano, evitando a súa disposición directa ó sol, ou que estea preto do radiador e garantindo unha cómoda dispoñibilidade (para o profesor e para o alumno).

- A mesa deberá estar colocada de xeito que todos os alumnos poidan ver ó profesor, e ó contrario.

- A colocación das cadeiras de pa (mellor serían pupitres, tendo en conta as características das partituras), se é posible, será en forma de semicírculo, para que todos poidan ver ós seus compañeiros e, a súa vez, ó profesor.

- Non estaría de máis contar cun andel, con libros e discos para a súa utilización nas clases.

- O equipo de música debe estar en disposición de ser utilizado con facilidade en calquera momento. Os altafalantes estarán ben colocados para que todos os poidan escoitar.

No que se refire á organización do tempo, podemos falar de sesións variadas en función das actividades que se desenvolvan. Tamén convén cambiar, na medida do posible, de actividade para lograr que o alumno manteña a atención permanentemente.

A continuación describirase globalmente a secuencia de actividades prevista en cada unha das sesións (un exemplo entre outros posibles).

- En primeiro lugar farase un repaso dos temas tratados na clase anterior facendo breves preguntas e corrixindo exercicios ou aclarando dúbidas que puidesen xurdir.

- Despois farase un breve exercicio, que pode ser oral ou escrito, de coñecementos previos para comprobar en que situación se atopa cada alumno para asimilar as novas aprendizaxes a traballar na sesión.

- Máis tarde levaranse a cabo actividades coas que se desenvolva a aprendizaxe significativa dos diferentes obxectivos a conseguir en cada sesión.

- Por último, realizaranse actividades de consolidación das aprendizaxes desenvolvidas e comprobarase se cada un dos alumnos sabe exactamente que facer para levar a cabo con garantías o traballo a realizar na súa casa.

5.2. Principios metodolóxicos

O coñecemento actual sobre como se aprende está baseado na concepción *constructivista* que considera o coñecemento como unha construción persoal. O alumno, mediante unha actividade intelectual, elabora significados propios a partir dos coñecementos que xa tiña. Ninguén pode substituír ó alumno nesta actividade intelectual, pero esta construción realízase sempre incluída dentro dunha interacción educativa.

Os principios metodolóxicos que se traballarán nesta programación son:

· A actividade: un método activo caracterízase pola concepción inicial de que as cousas aprendense facéndoa. A actividade supón a posta en marcha dunha serie complexa de variables, que no caso da harmonía son, sobre todo, de carácter intelectual.

· A unidade de teoría e práctica. na materia de Harmonía é imprescindible esta concepción unitaria. De pouco serve un coñecemento teórico das diferentes normas de escritura do sistema tonal, se non se refrenda isto de xeito práctico. Para mesturar a teoría e a práctica e través da actividade, é necesario un principio de intervención educativa baseado na investigación persoal por parte do alumno e do profesor (levando a cabo traballos individuais, en grupo, investigacións, realizando audicións comparadas, etc.).

· A creatividade: son moitas as actividades que se poden desenvolver para estimular o pensamento, e con iso, a creatividade, nas clases de harmonía. Pode fomentarse a través das harmonizacións, a improvisación de esquemas harmónicos no piano, acompañamentos harmónicos, creación de pequenas melodías, etc..

· A atención personalizada: esta é unha cuestión moi importante para que o progreso do alumno sexa o axeitado. A maior parte dos traballos realizados polos alumnos na casa e na clase de harmonía serán corrixidos de xeito individual, polo que o seguimento da evolución de cada alumno estará garantido.

· A socialización: a través da realización de traballos en grupo. A posta en común dos traballos realizados debe ser habitual, o feito de compartir experiencias e escoitar o resultado sonoro do traballo dos compañeiros resultará gratificante e moi estimulante, e repercutirá nun maior nivel de interacción entre eles.

· A interdisciplinidade: trasladando o aprendido ás demais materias, e sobre todo, aplicándoos sobre o propio instrumento (na medida do posible).

· A globalización: tendo en conta a natureza do grupo, homoxénea ou heteroxénea, así como outros factores do proceso educativo. Os coñecementos previos do alumno, tanto os que adquire nos estudos musicais como nos de réxime xeral, como na súa vida e experiencia cotiá.

· A educación en valores: fomentando un comportamento que respecte aqueles valores presentes nos contidos transversais. De xeito especial, o respecto ós compañeiros e os seus traballos (neste eido non convén esquecer o papel fundamental do profesor, que debe ser modélico e exemplar).

· A contorna socio-cultural: será outro elemento a ter en conta a través dos recursos didácticos que poida ofrecer en forma de agrupacións varias, actividades de tipo cultural, bibliotecas, fonotecas, *internet*, etc..

5.3. Métodos didácticos

Convén que todo método ou estratexia didáctica que empreguemos para levar a cabo os obxectivos que nos propoñamos debe responder ó principio de facer da aprendizaxe algo vivo, que entusiasme ó alumno o suficiente para que participe activamente no traballo da clase.

Os métodos a empregar poden ser os seguintes:

- Método de proxectos: este plantexa ó alumno situacións complexas co fin de resolvelas de xeito creativo, estimulando a súa imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias, neste método o alumno parte do concreto ó abstracto, principio básico da pedagogía, é dicir, partirá dos coñece-

mentos que posúe (desta, ou doutras materias) para chegar á adquisición de novos coñecementos mediante a aprendizaxe. Este método será aplicado naquelas sesións que inclúan actividades de improvisación musical, ou creación de pequenas melodías ou baixos, nas que o alumno modifica e reelabora os seus esquemas de coñecemento a partir da súa experiencia, neste senso, o profesor debe axudar ó alumno a utilizar os coñecementos que xa ten para levar a cabo o proxecto que se lle encomenda.

- Método da aprendizaxe por descubrimento (ou dedución): con este método o alumno extrae as súas propias conclusións a partir da observación e posterior asimilación, construindo deste xeito a súa propia aprendizaxe. Aplicarase naquelas sesións que inclúan a análise de partituras. A consecuencia máis importante deste método é que o alumno aprende a aprender, é o máis importante para calquera tipo de aprendizaxe (no caso da harmonía non o será menos). Polo tanto, é moi esencial achegarlle ó alumno a información básica para que el por si mesmo, poida construír a súa aprendizaxe, relacionando a nova información cos seus coñecementos. Este método presenta un problema que debe ser tido en conta, que é que o contido principal da aprendizaxe non é dado, senón autodescuberto, co cal é imprescindible comprobar o grao de comprensión de cada alumno, e se é posible, corrixilas posibles malas interpretacións derivadas da observación.

- Método científico: parte do plantexamento dun problema, seguido da formulación dunha hipótese, proba a través dun experimento, introdución das conclusións na teoría inicial e reaxuste da hipótese. Este método pode empregarse para o estudo de procedementos concretos, como poden ser os diferentes tipos de movementos permitidos nunha harmonización a catro partes, e as correspondentes duplicacións. Quizais sexa o método que menos aplicación pode ter para os estudos da harmonía.

5.4. Modelo de aprendizaxe

O modelo de aprendizaxe a empregar está baseado na aprendizaxe significativa, que estará inspirada no constructivismo, é dicir, partindo dos coñecementos previos do alumno desenvólvense os contidos de xeito estruturado e coherente, de forma que poidan construír novas aprendizaxes sobre o xa aprendido (tendo en conta que cada nova aprendizaxe aumenta a capacidade de aprender).

Ademais, deberase crear un ambiente axeitado no aula que sexa motivador para o alumno, tratando de crear contextos de aprendizaxe que os leven a ter ben presentes os contidos xa coñecidos, sendo isto algo asociado ó feito musical, e en particular ó estudo da harmonía, onde sempre hai que poñer en práctica contidos xa asimilados.

Como consecuencia de todo isto, tratarase de construír aprendizaxes a través da necesidade de lembrar os coñecementos adquiridos con anterioridade, por esta razón, faise necesario volver ós contidos impartidos que se relacionen co que se está estudando en cada momento, así como ós coñecementos adquiridos noutras materias que sirvan de base ás novas aprendizaxes.

5.5. Metodoloxía específica

A materia de harmonía pode dividirse en cinco apartados relacionados entre sí, estes son: escritura harmónica, análise harmónica, audición, práctica harmónica no piano e composición. Sen dúbida, o apartado máis importante, ó que van dirixidos os demais, é a escritura harmónica (os traballos de harmonización), tomando como punto de partida *baixos dados* (cifrados ou non), *cantos dados*, esquemas harmónicos ou breves melodías propias. Para levar a cabo todo isto, un elemento moi importante é o *caderno de clase* do alumno, que é onde elaborará tódolos traballos harmónicos plantexados.

Moi relacionada coa escritura está a análise harmónica. Por suposto que é moi importante o traballo de selección de obras que debe realizar o profesor, ten que ser de máxima calidade e axeitadas para o nivel dos alumnos. Trátase de analizar obras que conteñan os elementos estudados e traballados en cada momento, para que o alumno poida contrastar os seus coñecementos e as súas harmonizacións vendo como resolven os grandes autores cada situación harmónica. Deste xeito o alumno comprobará que hai unha relación moi directa entre os seus traballos e os exemplos da literatura musical clásica, así pode ser consciente de que se aplica as normas harmónicas e realiza con corrección os traballos, estará “ compoñendo “ pequenas pezas musicais (este feito estimulará o seu interese pola materia e polo tanto, a súa aprendizaxe).

xe).

Sempre é importante que o alumno escoite o resultado sonoro do seu traballo, ou mediante unha interpretación pianística, ou cantando o propio grupo *a capella*, dado que a práctica harmónica está centrada na escritura para coro de voces mixtas, esta segunda opción será a mellor (polo resultado sonoro, e pola participación de todo o grupo).

A audición e a práctica no piano gardan unha relación moi estreita. Antes de facer actividades de recoñecemento auditivo, levarase a cabo a práctica no piano de esquemas harmónicos axeitados e a lectura dos traballos realizados, de xeito que poidan interiorizar a sonoridade dos elementos tratados.

A composición de pequenas pezas sería o resultado da suma do traballo realizado en todos os apartados anteriores.

Tamén se poden realizar traballos en grupo sobre autores, instrumentos, estilos musicais, etc. para incidir nos elementos e procedementos propios da materia, como na educación en valores, o desenvolvemento das T.I.C. e o fomento da lectura, tratando de que utilicen unha correcta expresión oral (sen esquecerse nunca do exemplo que ten que dar o profesor, en tódolos sentidos e en todo momento).

Outras actividades complementarias moi positivas poden ser: (utilizando os medios audiovisuais para a proxección ou audición) visionar ou escoitar músicas de diferentes épocas, estilos, e así o alumno sacará as súas propias conclusións sobre cada época e o estilo musical (por suposto que se poden, e deben, escoitar outras músicas, procurando sempre que teñan unha mínima calidade). Na medida do posible (en función da dotación do centro), tamén se poden utilizar as novas tecnoloxías aplicadas á materia, tales como os programas de edición de partituras (para a realización de harmonizacións, etc.).

Independentemente da natureza do grupo, e en atención á diversidade, realizarase unha avaliación previa de coñecementos e de aptitudes. Do mesmo xeito, mediante o traballo cotiá poderemos sacar conclusións sobre cada un dos alumnos, e así crear grupos de traballo para facilitar a integración de cada alumno no seo do grupo, fomentando en todo momento un bo ambiente e unha boa relación entre todos, de respecto e amizade, que propiciará unha mellor formación. Todo isto pode levarse a cabo en certas actividades como as audicións, as correccións no encerado en grupo, a análise colectiva, etc..

5.6. Educación en valores

As Leis Educativas (LOXSE, LOCE, LOE) plantexan unha serie de contidos que deben percorrer todo o currículo, no senso de que non serán abordados dende unha materia en concreto, senón dende todas ó mesmo tempo, aplicando a idea da transversalidade.

Tradicionalmente nos plantexamentos formativos da ensinanza de música (e nas de réxime especial, en xeral) non se tivo en conta (por escrito) a educación en valores. De todos xeitos é importante facer unha mención especial a dita educación, debido á propia natureza do acto pedagóxico, xa que este debe proporcionar ó alumno unha formación íntegra, non só como músicos, senón tamén como persoas.

As materias transversais propostas son:

- Educación ambiental, neste punto pódese facer referencia á contaminación acústica, moi presente (por desgraza) na sociedade actual, que ten fácil conexión co mundo da música. Se temos en conta o abuso que se da na sociedade actual de certas músicas, así como a saturación que se produce por un uso indiscriminado da música en xeral, temos aquí un elemento de relación que nos permitirá facer reflexionar ós alumnos, sobre certos usos da música así como da súa calidade. Hoxe en día fálase de televisión “lixo“, de comida “lixo“ e de outras cuestións, cabe engadir tamén o de música “lixo“, que pode resultar nociva para unha boa saúde mental.

- Educación para a saúde. A música, sexa vivida como oínte, intérprete ou de outro xeito, incide moi positivamente no equilibrio persoal e no estado anímico das persoas. Convén facer unha boa selección das obras a escoitar, existe unha peza para cada momento, e moitos estilos onde escoller. Hai que descartar aquela música que non teña unha mínima calidade. Tamén evitaremos o exceso de volume á hora de escoitala, para manter así unha boa saúde dos oídos.

- Educación para a igualdade entre os sexos. Partindo da actividade musical en grupo, que se inicia partindo do principio de integración, respecto mutuo e reparto do traballo, sen ter en conta o sexo, nin a orientación sexual de cada alumno.

· Educación para a paz e a tolerancia. Esta cuestión ten unha presenza constante en tódalas sesións de clase, pois a relación coas persoas da contorna supón un marco de actuación onde se pon en práctica as normas básicas de convivencia e a interacción dentro do grupo. Resulta evidente que a educación musical favorece a convivencia entre as persoas.

· Educación para o lecer. É importante que o alumno no seu tempo libre poida ter experiencias vitais de todo tipo, pero dende a clase de harmonía podense promover actividades extraescolares de tipo lúdico-musicais (e culturais en xeral), é positivo fomentar e potenciar dende a clase, na medida do posible, afeccións positivas, pero sempre dentro dun respecto absoluto ó alumno.

· Educación do consumidor. Desenvolvendo un senso crítico no alumno ante o fenómeno musical, que lle permita poder seleccionar, cun criterio razoable e mediante a comparación de audicións e versións, os estilos e as obras a escoitar. Tampouco estaría de máis advertirlle dos perigos do consumismo irracional.

· Educación vial. É un tema difícil de abordar dende o ensino musical polo escaso parentesco que garda, pero poderíanse promover dalgún xeito actividades referentes a esta materia. Por suposto que polo simple feito de ter que asistir ás clases, o alumno, en moitos casos, ten que ir camiñando ó centro de estudos, non estaría de máis, dende a clase instruílo mínimamente para que teña unha noción do que é a educación vial (dende o punto de vista do peón), debe saber como mínimo, como cruzar as rúas. Suponse que non é misión do profesor de harmonía este cometido, pero tendo en conta a escasa educación vial que existe neste país, non está de máis incidir no tema.

· Educación moral e cívica. A música en xeral ten un gran número de valores actitudinais baseados no respecto e no acatamento de normas. No que respecta a materia harmónica, este tema transversal debe estar ben presente, no referente os demais compañeiros, os seus traballos, ó profesor, ó material das aulas (e dos compañeiros), ó cumprimento de horarios, etc.. Todos estes elementos teñen unha enorme importancia, tendo en conta que o alumnado atópase nunhas idades que oscilan entre os 14 e os 16 anos (na maioría dos casos) é necesario comprender que todas estas cuestións poden ser tan importantes, ou máis, como a boa asimilación dos contidos da presente programación.

5.7. As TIC e o fomento da lectura

Ademais da educación en valores, outro elemento transversal a través do cal se debe incidir dende tódalas materias é o que fai referencia ás *Tecnoloxías da Información e da Comunicación* (TIC), e o hábito da lectura e de expresarse con corrección.

No referente ás TIC, hai varios puntos sobre os que se pode incidir dende a clase de harmonía. Algunhas das posibilidades son, por exemplo:

- Búsqueda en *internet* de información sobre temas propostos polo profesor (ou algún alumno), estes poden estar baseados na ampliación dos contidos tratados nunha unidade didáctica determinada.

- Tamén se pode propoñer a visita a páxinas concretas relacionadas coa música clásica (ou outras músicas), especialmente, aquelas nas que se aborden aspectos determinados que teñan unha relación, dun xeito ou doutro, coa materia.

- O intercambio de información entre os alumnos é tamén importante, pois non todos teñen a mesma información sobre os compositores, os libros, os arquivos MIDI, a prensa especializada, os programas mas de televisión de canles especializadas, etc., este trasvase de información enriquecerá a todos os alumnos do grupo (e tamén ó profesor).

En canto ó fomento da lectura , deberá terse en conta que é un elemento importante polo que pode supor de elemento estimulador en canto a unha serie e variables que van dende a lectura por sí mesma, á curiosidade intelectual, á capacidade de investigación, á formación persoal, etc.. Como consecuencia disto, estamos desenvolvendo unhas variables que ademais de aportar a curto prazo uns evidentes beneficios, proporcionalle a cada alumno unhas ferramentas que serán moi útiles no futuro á hora de estudar, investigar, formarse como persoa e músico.

Dende a materia de harmonía pódense propoñer actividades do seguinte tipo:

- Utilizar revistas (ou prensa) especializadas para consultar información referente a materia harmónica, ou da música en xeral.

- Consultar tratados ou métodos específicos de harmonía e dicionarios, para consultar determinadas cuestións referentes a harmonía.

- Ler libros, na súa totalidade ou parcialmente, para buscar información, ou para ampliar coñecementos sobre determinados temas.

- Lectura de libros sobre música, outras artes ou literatura clásica. Este hábito sempre nos proporcionará unha maior cultura.

6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En primeiro lugar, hai que aclarar que este punto non se refire ó tratamento do alumnado con necesidades educativas específicas, que se presentará no seguinte apartado, senón que describe as medidas que o profesor toma con todo o alumnado, a través de estratexias variadas, para tratar de dar resposta ás diferentes necesidades que ten que afrontar. Como consecuencia, enténdense os procesos de ensinanza-aprendizaxe como un proceso no que se fai necesario ofrecer respostas diferenciadas e individuais tendo en conta a diversidade do alumnado.

Na ensinanza da harmonía, a atención á diversidade é moi importante e totalmente necesaria, xa que en canto á resposta do alumno interveñen una serie de factores diversos como poden ser as aptitudes, a contorna sociocultural que o rodea, a aceptación dunha materia (a harmonía) que para eles se presenta como algo novo e complexo, a situación e a evolución dos seus estudos de réxime xeral, etc..

A atención á diversidade pode partir de actividades cotiás, co fin de obter información sobre as características de cada alumno, sacando conclusións sobre as súas virtudes e carencias, deste xeito, nun primeiro momento haberá que recoller suficiente información sobre o alumno para así poder dar unha resposta axeitada a cada unha das súas necesidades. Como consecuencia diso, en cada unidade didáctica deberánse levar a cabo actividades que poidan dar resposta a todas as necesidades plantexadas no grupo, ben sexan de reforzo para aqueles alumnos que o necesiten, ou de ampliación para os que amosen facilidade na asimilación e na realización dos traballos.

Nesta materia é moi importante que o trato con cada alumno sexa o máis individual e correcto posible, xa que cada un ten as súas propias necesidades e a súa particular forma de entender o que se lle explica. É tamén fundamental non atender contra a súa autoestima (con comentarios, ou doutro xeito), pois é necesario que el se vexa con capacidade suficiente para afrontar con éxito os estudos da harmonía, non todos teñen a mesma capacidade, pero hai que animalos e darlle confianza para que evolucionen axeitamente. O profesor debe de tratar de comprendelos e propiciar un ambiente construtivo na clase para así, garantir o éxito final na aprendizaxe da harmonía.

O caso máis elevado de atención á diversidade é o que se presenta no seguinte apartado, que se refire ó alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo, no que entran aqueles casos extremos que se dan tanto por exceso como por defecto.

7. ATENCIÓN Ó ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (ANEAE)

A actual lexislación recolle diferentes casos baixo a denominación de *alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo*. Deste xeito, podemos atoparnos con alumnos pertencentes ás seguintes categorías:

· Alumnos de incorporación tardía ó sistema educativo español.

Neste caso están todos aqueles alumnos que se incorporan ó sistema educativo con retraso, sexa cal sexa o motivo de tal retraso. Contémplanse aquí o caso dos alumnos extranxeiros, os adoptados por familias españolas en idade escolar así como os alumnos procedentes de grupos sociais reticentes á escolarización.

Son sobre todo, dous os problemas que se adoitan presentar no tratamento do alumno extranxeiro, un e o problema do idioma, e o outro, o peso das tradicións propias da súa cultura (aínda que estas cuestións son diferentes, en función do país de procedencia). Aínda así estas tradicións e coñecementos poden aproveitarse para facilitar a integración no grupo, mediante o estudo dalgunha peza ou autor do seu país, etc.. A cuestión do idioma non debería supor un problema, debido ó carácter procedimental da materia

(convén lembrar que as aulas de inmersión lingüística só son obrigatorias nas ensinanzas do réxime xeral).

- Alumnos con alta capacidade intelectual.

O *Real Decreto 943/2003* regula as condicións para flexibilizar a duración dos diferentes niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos con alta capacidade intelectual; en concreto, o artigo 9 fai referencia ás ensinanzas de réxime especial.

Esta flexibilización inclúe medidas e programas de atención específica para este alumnado, que poden consistir en incorporar ó alumno a un curso superior ó que lle corresponda por idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral, en casos excepcionais, poderase suprimir esta limitación. A todo isto hai que engadir aqueles alumnos con talento musical, no senso de acelerar o proceso formativo ou por ampliación das actividades específicas.

Unha situación que se pode dar é o caso do alumno que evoluciona moi ben no instrumento e, con todo, ten moitas dificultades para avanzar na materia de Harmonía (ou ó revés), ante este caso non sería negativo abrir un debate ó respecto, entre todos os profesores de dito alumno, para ver que medidas se poden tomar para tratar de resolver o problema.

- Alumnos con necesidades educativas especiais.

Alumnos con discapacidade física ou intelectual, trastornos graves de conduta, problemas de adaptación, etc.

Tendo en conta as características das ensinanzas de réxime especial, non se contempla a posibilidade de alumnado con discapacidade intelectual, aínda que sí con discapacidade física. Neste caso tomaríanse as medidas oportunas para adaptarse a este problema, dependendo, tanto da discapacidade, como da materia, é dicir, adaptando os recursos materiais, ou axeitando os elementos do currículo, modificando os obxectivos e adaptando contidos e criterios de avaliación.

Nos demais casos que poidan presentarse convén coordinar o traballo e as estratexias a seguir entre os diferentes profesores do alumno en cuestión, para así tratar de resolver os problemas.

8. RECURSOS MATERIAIS E DIDÁCTICOS

8.1. Recursos principais

Ademais do espazo axeitado e do material mencionado anteriormente, o material de traballo estará organizado polo profesor.

Este material de será presentado polo profesor en diversas fichas con diferentes exercicios, obras (ou fragmentos) para analizar, exemplos prácticos, etc., que serán repartidas para a súa realización.

Os alumnos deberán asistir ás clases co caderno de papel pautado onde farán todos os seus traballos así como todo o material necesario para a escritura. Deberán tamén traer o seu instrumento en determinadas ocasións á clase sempre que sexa necesario para a interpretación dalgunha peza ou exercicio harmónico proposto polo profesor.

8.2. Recursos tecnolóxicos

Tanto o computador como o teclado controlador son instrumentos moi útiles na clase de harmonía. A gravación en formato *midi* de exercicios en tempo real é un recurso fantástico para escoitar o resultado sonoro nalgúns traballos nos que sería imposible a interpretación por mor dos instrumentos dispoñibles no grupo, ou polas propias dificultades técnicas da execución.

Coa axuda dun *sampler* de *software* incorporado no ordenador, podemos apreciar con sons reais de instrumentos pregravados o resultado sonoro (aproximado) de moitos traballos, percibindo características como tesituras ou timbres, sempre salvando as distancias sonoras coa interpretación instrumental, que na maioría dos casos se fai imposible por non contar, no grupo, cos instrumentos axeitados.

A aula de informática debe ser un espazo que se pode empregar habitualmente para moitas actividades (contribuíndo así a súa variedade), entre elas, á visualización de análises ou ditados harmónicos. Para este fin, o emprego dos programas *Auralia* (de adestramento auditivo), o *Finale* ou o *Sibelius* (de edición de partituras), nas súas modalidades pedagóxicas, son realmente útiles e atraíntes para os alumnos, por ser recursos que manexan con certa facilidade e conxugan os elementos sonoros cos visuais. Ta-

mén servirán de avance da materia optativa de Novas Tecnoloxías, que poderán cursar máis tarde.

Sería importante contar tamén cun proxector para así poder analizar en conxunto calquera obra e para outros posibles usos.

Outro recurso complementario é a visita de *páxinas web* de contido musical e pedagóxico relacionada coa materia harmónica, variando deste xeito máis, se cabe, as actividades da clase e prolongándoas fóra desta. Sitios *web* con explicacións teóricas e exemplos prácticos para realizar polos alumnos como o *Curso de harmonía tradicional* de Michel Barón, ou a páxina *Teoría.com*, adicada a análise, a harmonía e realización de exercicios *on-line*.

8.3. Actividades complementarias

As actividades dentro e fóra do aula terán como obxectivo complementar a ensinanza da materia, así como incidir sobre os contidos transversais.

As audicións en datas sinaladas (por exemplo o *Día das Letras Galegas*, o *Día da paz*, etc.) con composicións feitas polos propios alumnos para a ocasión.

A asistencia a actividades como concertos ou conferencias fóra do horario lectivo, ou a participación dos alumnos en actividades que impliquen unha responsabilidade social, como concertos didácticos, ou en eventos que incidan en aspectos como a violencia de xénero, a conservación do medio ambiente, a educación para a paz, un consumismo racional, o racismo, etc., ou calquera outro que sexa positivo para unha mellor convivencia na sociedade na que vivimos.

Todas estas cuestións son moi importantes para fomentar nos alumnos os principios dos valores democráticos, da igualdade, da solidariedade, do respecto, etc.. Tamén se pode salienta a necesidade da música na sociedade actual

9. BIBLIOGRAFÍA

No referente á bibliografía básica, cabe salienta unha pequena lista de obras (entre outras) que servirán de apoio para o desenvolvemento das unidades didácticas:

- *Tratado de Armonía* (I-II-III), Joaquín Zamacois - Idea Books.
- *Armonía*, Walter Piston - Idea Books.
- *Tratado práctico de Armonía*, Rimsky Korsakov - Ricordi.

A continuación preséntase un listado de obras máis amplo para a materia que nos ocupa, que deben servir de referencia, tanto para os alumnos, como para o profesor:

- *Traité de l'harmonie*, Jean Phillippe Rameau - Arte Tripharia.
- *Traité de l'harmonie* (I-II-III), Charles Koechlin.
- *Armonía tonal* (I-II-III-IV), Luis Blanes - Real Musical.
- *Armonía*, Heinrich Schenker - Real Musical.
- *Armonía*, Diether de la Motte - Labor.
- *Armonía y modulación*, Hugo Riemann - Labor.
- *Armonía tradicional* (I-II), Paul Hindemith - Ricordi.
- *Armonía* (I-II), Emilio Molina - Real Musical.
- *Curso de armonía analítica*, Marcel Dupré - Alphonse Leduc.
- *Funciones estructurales de la armonía*, Arnold Schönberg - Real Musical.
- *Tratado completo de armonía* (I-II-III), Athos Palma - Ricordi.
- *Nuevo tratado de armonía*, Alois Haba - Real Musical.
- *Tratado de armonía*, Sociedad Didáctico Musical - S.D.M.
- *Armonía del siglo XX*, Vicent Persichetti - Real Musical.
- *Tratado práctico de armonía*, Beltrán Pagola - Erviti
- *Armonía*, Arnold Schönberg - Real Musical.
- *Manual de armonía*, A. Jurafsky - Ricordi
- *Teoría musical y armonía moderna* (I-II), Enric Herrera - Antoni Bosch.

10. UNIDADES DIDÁCTICAS

Harmonía I

- U.D. 1 - O intervalo harmónico - Consonancia e disonancia
- U.D. 2 - As escalas - Os graos da escala
- U.D. 3 - O acorde tríada (ou de quinta) - O fenómeno físico-harmónico
- U.D. 4 - Tonalidade e funcións tonais
- U.D. 5 - Harmonización a catro partes (ou voces)
- U.D. 6 - O enlace de acordes
- U.D. 7 - As cadencias - O ritmo harmónico
- U.D. 8 - A 1ª inversión dos acordes tríadas (acorde de sexta) - A serie de sextas
- U.D. 9 - O dobre e triplo cifrado - Introducción ás notas estrañas
- U.D.10 - A 2ª inversión dos acordes tríadas (acorde de cuarta e sexta)
- U.D.11 - O modo menor - Particularidades
- U.D.12 - O acorde tríada sobre a sensible
- U.D.13 - Cambio na disposición dos acordes tríadas
- U.D.14 - Progresións diatónicas
- U.D.15 - A modulación diatónica
- U.D.16 - O coral

Harmonía II

- U.D. 1 - O acorde cuatríaada ou de sétima - As especies
- U.D. 2 - O acorde de sétima de dominante
- U.D. 3 - Os acordes de sétima sobre a sensible
- U.D. 4 - A modulación cromática
- U.D. 5 - As notas estrañas (continuación)
- U.D. 6 - Os acordes de sétima con función de subdominante (sobre os graos II-IV-VI)
- U.D. 7 - Os acordes de sétima sobre outros graos (III-I)
- U.D. 8 - A serie de sétimas diatónicas
- U.D. 9 - O acorde de novena de dominante
- U.D.10 - A nota pedal - Acordes sobre tónica
- U.D.11 - As dominantes secundarias
- U.D.12 - O modo maior mixto - A sexta napolitana
- U.D.13 - Progresións modulantes
- U.D.14 - Os acordes alterados
- U.D.15 - Os acordes de sexta aumentada
- U.D.16 - O cifrado americano - A harmonía no Jazz

11. DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

A continuación preséntase a distribución das 16 unidades didácticas (I e II de harmonía), cos seus respectivos títulos e o número de sesións, ó longo do curso. Esta distribución pode variar sensiblemente no número de sesións, dependendo do calendario escolar, das avaliacións trimestrais, dos períodos vacacionais e do rendemento de cada un dos grupos. Esta temporalización está dividida en dúas sesións por semana de unha hora de duración e convén que entre elas haxa tempo dabondo para así asimilar o estudo e para prepara-los traballos da seguinte clase.

Tomamos como referencia un curso calquera onde o número de semanas lectivas é de arredor de 32, repartidas en 11, no 1º trimestre, 10, no 2º e 11, no 3º (22, 20 e 22 sesións respectivamente, en cada un dos trimestres).

HARMONÍA I

U.D.	Título	Sesións	Trimestre
1	O intervalo harmónico - Consonancia e disonancia	2	1º
2	As escalas - Os graos da escala	2	1º
3	O acorde tríada (ou de quinta) - O fenómeno físico-harmónico	2	1º
4	Tonalidade e funcións tonais	2	1º
5	Harmonización a catro partes (ou voces)	6	1º
6	O enlace de acordes	6	1º
7	As cadencias - O ritmo harmónico	2	1º
8	A 1ª inversión dos acordes tríadas (acorde de sexta) - A serie de sextas	6	2º
9	O dobre e triplo cifrado - Introducción ás notas estrañas	4	2º
10	A 2ª inversión dos acordes tríadas (acorde de cuarta e sexta)	6	2º
11	O modo menor - Particularidades	4	2º
12	O acorde tríada sobre a sensible	3	3º
13	Cambio na disposición dos acordes tríadas	3	3º
14	Progresións diatónicas	3	3º
15	A modulación diatónica	7	3º
16	O coral	6	3º

HARMONÍA II

U.D.	Título	Sesións	Trimestre
1	O acorde cuatríada ou de sétima - As especies	2	1º
2	O acorde de sétima de dominante	4	1º
3	Os acordes de sétima sobre a sensible	5	1º
4	A modulación cromática	6	1º
5	As notas estrañas (continuación)	5	1º
6	Os acordes de sétima con función de subdominante (II, IV e VI)	4	2º
7	Os acordes de sétima sobre outros graos (III e I)	2	2º
8	A serie de sétimas diatónicas	2	2º
9	O acorde de novena de dominante	3	2º
10	A nota pedal - Acordes sobre tónica	4	2º
11	As dominantes secundarias	5	2º
12	O modo maior mixto - A sexta napolitana	5	3º
13	Progresións modulantes	3	3º
14	Os acordes alterados	4	3º
15	Os acordes de sexta aumentada	4	3º
16	O cifrado americano - A harmonía no Jazz	6	3º